



**GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO  
REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA  
AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

# Boletín de novedades

## Regularización Extraordinaria 2026

Organiza



**Deputación  
DA CORUÑA**

Colabora





## **SOBRE A CONCESIÓN OU RENOVACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE RESIDENCIA TEMPORAL POR RAZÓNS HUMANITARIAS DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL**

Como consecuencia da entrada en vigor, o día 12 de xuño de 2026, en toda a Unión Europea, do **Pacto Europeo de Migración e Asilo (PEMA)**:

- A partir do **16 de abril de 2026**, as **persoas titulares de autorizacións de residencia temporal por razóns humanitarias de protección internacional** de carácter anual **poden tramitar a súa modificación**, nos termos previstos na normativa de estranxeiría.
- A partir do **12 de xuño de 2026**, e con independencia de que a presentación da solicitude de protección internacional fose anterior a esa data, **non se poderán conceder nin renovar autorizacións de residencia temporal por razóns humanitarias de protección internacional**.

### **CERTIFICADOS E INFORMES DE VULNERABILIDADE**

Os informes de vulnerabilidade deben levar a **sinatura e o selo/cuño da entidade**, así como o seu número de rexistro, de xeito que se garanta a súa veracidade.

As entidades ou organizacións sindicais cuxo ámbito de actuación teña carácter territorial específico só poderán emitir o certificado ou informe de vulnerabilidade dentro dese ámbito. Non obstante, dentro dos límites do seu ámbito territorial, poderán emitilo respecto de calquera persoa que poida resultar beneficiaria da autorización regulada na disposición adicional vixésimo primeira (DA21.º), aínda que esa persoa non se integre especificamente na liña de acción da entidade.

### **REXISTRO DE ENTIDADES COLABORADORAS - RECEX**

O Rexistro de Entidades Colaboradoras (**RECEX**) é un rexistro **vivo e activo**, aberto permanentemente e dirixido a entidades para dotalas de capacidade para levar a cabo trámites de estranxeiría, máis alá deste proceso de regularización extraordinaria. Polo tanto, **non existe ningunha limitación temporal para inscribirse neste rexistro**.

Todos aqueles fallos ou erros que sexan atribuíbles á Administración suporán unha **modificación dos prazos; nestes casos, en favor dos administrados**.

### **MENORES, FAMILIAS E UNIDADES FAMILIARES**

- Se falta algún dos proxenitores ou non existe sentenza que atribúa de forma exclusiva a patria potestade, é necesario presentar a **autorización do proxenitor que non resida co menor ou menores ou un documento xudicial ou administrativo que substitúa o consentimento do proxenitor ausente**.
- Se se trata dunha **unidade familiar que convive en común**, non será necesario que se presenten por separado, sempre que se acredite a convivencia e o vínculo (certificados de nacemento).



## **PROBA DE PERMANENCIA E MEDIOS ADMISIBLES**

- A efectos de acreditar que a persoa estranxeira entrou **antes do 1 de xaneiro de 2026 e a súa estancia e permanencia en España durante, polo menos, os cinco meses anteriores** á presentación da solicitude, admitirase calquera documento que se considere válido en dereito e que inclúa datos persoais que permitan acreditar a súa identidade, así como a especificación de datas que o fagan válido.
- Non é obrigatorio xustificar a permanencia de cada un dos cinco meses, nin tampouco presentar unicamente o certificado de empadramento. **Este é unha proba válida en dereito, pero non a única.**
- Poderase acreditar esta situación con calquera documento **público, privado ou cunha combinación de ambos.**

## **ANTECEDENTES PENAIS, LEGALIZACIÓN DE DOCUMENTOS E PASAPORTES**

- Os antecedentes penais, en todo caso, deberán estar **legalizados, apostilados** e, se é o caso, **traducidos** mediante tradución xurada.
- En caso de imposibilidade para a obtención dos antecedentes penais, a reforma prevé o suposto destinado a persoas con dificultades para obtelos.
- No caso de **menores documentados polo seu país de orixe** e nos que non existan indicios de falsidade ou falsificación da documentación, deberán seguir as vías ordinarias previstas no **RLOEX**. Neste sentido, recórdase que a doutrina do Tribunal Supremo indica que, se os documentos do país de orixe son válidos, prevalecen fronte ás probas de determinación da idade.

## **AUTORIZACIÓN DE TRABALLO E SUPOSTOS LABORAIS OU FORMATIVOS**

A efectos de determinados supostos, a formación profesional ou outras actividades formativas, cando impliquen prácticas remuneradas, **poderán ter a consideración de alta na Seguridade Social.**

## **PERSOAS EN CIE OU PRIVADAS DE LIBERDADE**

- As persoas que se atopen privadas de liberdade nalgún dos centros competencia do Ministerio do Interior (CIE), poderán acollerse a este proceso **se cumpren con todos os requisitos establecidos.**
- Será o Ministerio quen deberá facilitar os mecanismos que permitan a estas persoas presentar a solicitude e a documentación oportuna.
- Os criterios de valoración e a tramitación destes expedientes correrán a cargo da **UTEX.**



**GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO  
REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA  
AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

## **PRAZO PARA SOLICITAR A PRÓRROGA, RENOVACIÓN E MODIFICACIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN VIXENTE**

Non poderán acollerse ao procedemento de regularización extraordinaria aquelas persoas estranxeiras que se atopen dentro do prazo de 3 meses posteriores á data na que rematase a vixencia da súa autorización, período durante o cal poden solicitar a prórroga, renovación ou modificación da autorización de residencia ou estancia da que sexan titulares.

A regularización extraordinaria é unha oportunidade para dar un paso adiante e construír un futuro mellor en España, con máis dereitos , estabilidade e seguridade.

Organiza



**Deputación  
DA CORUÑA**

Colabora

